

Proxecto educativo

IES O Ribeiro

Índice

Introdución.....	4
1. Organización xeral do centro	7
1.1 Contorno escolar e necesidades educativas	7
1.1.a Características do centro	7
1.1.b Breve historia do centro.....	7
1.1.a Características do alumnado	9
1.1.b Características do profesorado	10
1.1.c Persoal non-docente	10
1.1.d Asociación de pais e nais.....	10
1.2 Organigrama de funcionamento	11
1.3 Participación en programas institucionais	12
1.4 Ensinanzas de réxime especial.....	12
1.5 Outras circunstancias que caracterizan a oferta educativa.....	13
2. Fins e intencións educativas do instituto	13
2.1 Fins e valores.....	13
2.2 Tratamento dos elementos transversais	14
2.3 Prioridades de actuación.....	15
3. Oferta educativa	15
3.1 Itinerarios e materias específicas e de libre configuración ofertadas.....	15
3.2 Actividades complementarias e extraescolares	15
3.3 Servizos complementarios	16
4. Concreción do currículo	16
4.1 Proxecto curricular.....	16
4.1.a Criterios de agrupamento dos alumnos de 1º de ESO	17
4.1.b Criterios de agrupamento dos alumnos de 2º a 4º de ESO	17
4.1.c Criterios pedagoxicos para a elaboración de horarios	17
4.1.d Asignación de materias aos departamentos	18
4.1.e Programa de recuperación das materias pendentes de ESO	18
4.1.f Programa de recuperación das materias pendentes de BAC	19
4.2 Programacións didácticas	19
5. Promoción e titulación	20
5.1 Avaliación.....	20
5.2 Criterios de promoción	20
5.2.a Criterios de promoción na ESO.....	20
5.2.b Criterios de promoción de BAC.....	21
5.2.c Criterios de promoción de ciclos de formación profesional	22
5.2.d Criterios de promoción da Ensinanza secundaria de adultos.....	22
5.3 Criterios de titulación.....	23
5.3.a Criterios de titulación de ESO	23
5.3.b Criterios de titulación de BAC	24
5.3.c Criterios de titulación de Formación Profesional	25

5.3.d	Criterios de titulación da Ensinanza secundaria de adultos.....	25
6.	Colaboración e participación entre os distintos sectores da comunidade educativa	26
7.	Formas de colaboración e intercambio cultural cos servizos sociais e educativos do concello e outras institucións	26
7.1	Centros de educación primaria adscritos ao instituto	26
7.2	Outros centros relacionados co instituto	26
7.3	Departamentos universitarios	27
7.4	Empresas e institucións nas que os alumnos poderán realizar a FCT.....	27
7.5	Outras entidades coas que o centro mantén relación	28
8.	Modificacións.....	29
9.	Vixencia.....	29

Introdución

Este Proxecto Educativo enmarcase dentro da legalidade vixente tanto de ámbito estatal como autonómica:

- *Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.*
- *Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa*
- *Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta*
 - *Real Decreto 665/2015, de 17 de julio, por el que se desarrollan determinadas disposiciones relativas al ejercicio de la docencia en la Educación Secundaria Obligatoria, el Bachillerato, la Formación Profesional y las enseñanzas de régimen especial, a la formación inicial del profesorado y a las especialidades de los cuerpos docentes de Enseñanza Secundaria*
 - *Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015-2016 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*
 - *Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.*
 - *Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.*
 - *Decreto 324/1996, que aproba o Regulamento orgánico dos IES.*
 - *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.*
 - *Decreto 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos*
 - *Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.*
 - *Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.*
 - *Orde do 1 de agosto de 1997 con instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 que aproba o Regulamento orgánico dos IES*

Concretamento, o contido do proxecto educativo ven especificado no **artigo 121 da Lei orgánica 2/2006, modificada pola Lei orgánica 8/2013**:

1. *El proyecto educativo del centro recogerá los valores, los objetivos y las prioridades de actuación. Asimismo, incorporará la concreción de los currículos establecidos por la Administración educativa que corresponde fijar y aprobar al Claustro, así como el tratamiento transversal en las áreas, materias o módulos de la educación en valores y otras enseñanzas.*
2. *Dicho proyecto, que deberá tener en cuenta las características del entorno social y cultural del centro, recogerá la forma de atención a la diversidad del alumnado y la acción tutorial, así como el plan de convivencia, y deberá respetar el principio de no discriminación y de inclusión educativa como valores fundamentales, así como los principios y objetivos recogidos en esta Ley y en la Ley Orgánica 8/1985, de 3 de julio, Reguladora del Derecho a la Educación.*
3. *En el marco de lo establecido por las Administraciones educativas, los centros establecerán sus proyectos educativos, que deberán hacerse públicos con objeto de facilitar su conocimiento por el conjunto de la comunidad educativa. Asimismo, corresponde a las Administraciones educativas contribuir al desarrollo del currículo favoreciendo la elaboración de modelos abiertos de programación docente y de materiales didácticos que atiendan a las distintas necesidades de los alumnos y alumnas y del profesorado.*
4. *Corresponde a las Administraciones educativas favorecer la coordinación entre los proyectos educativos de los centros de educación primaria y los de educación secundaria obligatoria con objeto de que la incorporación de los alumnos a la educación secundaria sea gradual y positiva.*
5. *Los centros promoverán compromisos educativos entre las familias o tutores legales y el propio*

centro en los que se consignen las actividades que padres, profesores y alumnos se comprometen a desarrollar para mejorar el rendimiento académico del alumnado. [...]

7. Corresponde a las Administraciones educativas promover la especialización curricular de los institutos de Educación Secundaria en función de las alternativas establecidas en esta Ley Orgánica, a fin de que dichas Administraciones puedan programar una oferta educativa ajustada a sus necesidades. Los centros docentes incluirán las singularidades curriculares y de organización y los correspondientes agrupamientos pedagógicos en su proyecto educativo.

8. O proxecto educativo dos centros docentes con especialización curricular deberá incorporar os aspectos específicos que definan o carácter singular do centro.

Decreto 324/1996, que aproba o regulamento orgánico dos IES

Artigo 90º

Partindo da análise das necesidades educativas específicas dos alumnos e alumnas, das características do contorno escolar e das do instituto, o proxecto educativo fixará obxectivos, prioridades e procedementos de actuación, e incluirá:

a) A organización xeral do instituto, que se orientará á consecución dos fins establecidos no artigo 1 da Lei orgánica de ordenación xeral do sistema educativo e ó cumprimento dos principios establecidos no artigo 2 da mencionada lei.

b) Os fins e as intencións educativas do instituto de acordo coa identidade propia do centro.

c) Os obxectivos do instituto tendentes a lograla normalización lingüística, de acordo co Decreto 247/1995, do 14 de setembro, polo que se desenvolve a Lei 3/1983, de normalización lingüística, para a súa aplicación ó ensino en lingua galega nas ensinanzas de réxime xeral impartidas nos diferentes niveis non universitarios.

d) A adecuación ó contexto do instituto dos obxectivos xerais das etapas que se imparten no mesmo e que deberán desenvolverse no proxecto curricular.

e) O regulamento de réxime interior do instituto.

f) A oferta do centro en canto a itinerarios educativos, optativas e actividades e servizos.

g) As formas de colaboración e participación entre os distintos sectores da comunidade educativa.

h) As formas de colaboración e intercambio cultural cos servizos sociais e educativos do concello e outras institucións.

Orde do 1 da agosto de 1997 con instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 que aproba o Regulamento orgánico dos IES

Proxecto educativo do instituto (anexo I)

32. A elaboración e contido do proxecto educativo do instituto axustaranse ó disposto no título IV, capítulo I do Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria.

33. No artigo 90 do Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria recóllense os apartados que deben figurar no proxecto educativo.

En relación coa organización xeral do instituto á que se refire o apartado a) detallaranse os seguintes aspectos:

a) As características do contorno escolar e as necesidades educativas que en función del teña que satisface-lo instituto.

b) A participación en programas institucionais, tales como os de integración ou calquera outro que poida convocala Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

c) As ensinanzas de réxime especial combinadas coas de réxime xeral, se as ten autorizadas.

d) Calquera outra circunstancia que caracterice a oferta educativa do instituto.

En relación coa oferta de materias optativas a que se refire o apartado f) débese determina-lo departamento didáctico que as asume de acordo co establecido no proxecto curricular.

No relativo ás formas de colaboración e intercambio cultural cos servizos sociais e educativos do concello e outras institucións, ás que se refire o apartado h), detallaranse os seguintes aspectos:

a) Os centros de educación primaria que se adscriben ó instituto, indicando, no seu caso, se imparten o primeiro ciclo de educación secundaria obrigatoria.

b) Outros centros cos que estivera relacionado o instituto.

c) Os departamentos universitarios cos que colabora o instituto.

d) As empresas ou institucións nas que os alumnos de ciclos formativos de formación profesional poderán realizar a formación en centros de traballo.

En definitiva, este proxecto trata de recoller as características do noso IES como centro educativo de referencia para toda a Comarca do Ribeiro e polo tanto de dar resposta as características socioeconómicas, culturais e humanas dos nosos alumnos/as e do entorno. Así mesmo trata de proporcionar unha información rigorosa sobre o funcionamento do Instituto e das súas características de cara a un maior coñecemento por parte do alumnado e as súas familias, profesorado, persoal non docente e demais membros da comunidade educativa.

1. Organización xeral do centro

1.1 Contorno escolar e necesidades educativas

1.1.a Características do centro

O IES O Ribeiro de Ribadavia é un centro público de ensino secundario sostido con fondos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que imparte ensinanza de ESO, Bacharelato, Formación Profesional Básica, Formación profesional de grao medio e grao superior, Ensinanzas básicas iniciais, Educación secundaria de adultos e Ciclos formativo do réxime de adultos.



Ilustración 1. Situación do Ribeiro no mapa de Ourense

1.1.b Breve historia do centro

Ao longo do tempo, o instituto pasa por distintas etapas, tanto na súa sé material, como nas ensinanzas que imparte. Do mesmo xeito, vai cambiando de denominación:

1953-1986	INSTITUTO LABORAL AGRÍCOLA INSTITUTO LABORAL AGRÍCOLA E GANDEIRO INSTITUTO TÉCNICO DE ENSINANZA MEDIA MASCULINO INSTITUTO NACIONAL DE BACHARELATO
1953-1958	Nace o instituto de Ribadavia, como <i>Instituto laboral agrícola</i> , ubicado no edificio do actual Museo Etnolóxico. Posteriormente, as modalidades das ensinanzas reestrutúranse e pasa a ser <i>Instituto Laboral agrícola e gandeiro</i> .
1958-1967	No 1958, o <i>Instituto Laboral agrícola e gandeiro</i> trasládase ao edificio da rúa Carballiño, actual edificio Ribeiro.
1967-1970	Desaparece o bacharelato laboral elemental e unifícase o bacharelato elemental para todos os alumnos. O instituto laboral convértese no <i>Instituto Técnico de Ensinanza Media Masculino</i> .
1970-1976	No 1970, a Ley de Villar Palasí converte o instituto de Ribadavia en <i>Instituto Nacional de Bacharelato</i> . No curso 1975-1976, o <i>Instituto Nacional de Bacharelato</i> comeza a implantación do Bacharelato Unificado e Polivalente (BUP) que crea a lei de 1970.

	Coa transición política á democracia elimínase a cualificación <i>nacional</i> dos institutos. O centro denomínase agora <i>Instituto de Bacharelato Mixto</i> de Ribadavia.	
1976-1986	INSTITUTO DE BACHARELATO MIXTO	SECCIÓN DE FORMACIÓN PROFESIONAL
1976-1977	Continúa a implantación do Bacharelato Unificado e Polivalente.	Créase unha Sección de Formación Profesional, que imparte 1º e 2º curso das ensinanzas de Formación Profesional de Primer Grado (FP1), das ramas de Automoción e Administrativo. As aulas ubícanse no Instituto Nacional de Bacharelato.
1986-2011	INSTITUTO NACIONAL DE BACHARELATO ACTUAL EDIFICIO O RIBEIRO	INSTITUTO DE FORMACIÓN PROFESIONAL ACTUAL EDIFICIO ABRENTE
1986-1997	CONSTRUCCIÓN DA ALA DE BACHARELATO en 1998 Construción do pavillón deportivo en 1999	A Sección de Formación Profesional constitúese no <i>Instituto de Formación Profesional</i> e trasládase a unha nova sé en San Paio. No novo edificio complétase a oferta educativa cos tres cursos do Segundo Grao de Formación Profesional (FP2), nas ramas de Automoción e Administrativo. No curso 1986/1987, comezan a impartirse tamén os dous cursos de Primeiro Grao de FP na rama de Electrónica.
1997-2000	No curso 1997-1998, coa implantación da LOXSE, o <i>Instituto Nacional de Bacharelato</i> pasa a denominarse <i>Instituto de Educación Secundaria O Ribeiro</i>	Coa chegada da LOXSE, o <i>Instituto de Formación Profesional</i> adoita o nome de <i>Instituto de Educación Secundaria Nº2</i> . En 1999 autorízase o cambio de nome e o centro pasa a denominarse IES Abrente. No curso 1999-2000 comezan a implantarse os Ciclos Formativos de grao medio de Xestión Administrativa e Electromecánica de vehículos, que substitúen progresivamente ás ensinanzas de FP1 e FP2.
2000-2006	No curso 2000-2001 empeza a implantación da ESO e o novo Bacharelato (nas modalidades de Ciencias da natureza e da saúde e Humanidades e Ciencias sociais), que substitúe o BUP e o COU. No curso 2001-2002 tamén se introducen os Programas de garantía social.	No curso 2000-2001, incorpórase á oferta educativa o Bacharelato (nas modalidades de Tecnoloxía e Humanidades e Ciencias sociais) e os Programas de garantía social. No curso 2001-2002 comeza o Ciclo Superior de Administración e Finanzas. No curso 2002-2003, o IES Abrente engade á oferta educativa os Módulo I, II

		e III da Ensinanza Secundaria para Adultos.
2006-2011	Os Programas de garantía social son substituídos polo Programa de cualificación profesional inicial, na modalidade C, que supón a realización dos módulos profesionais nas empresas da contorna.	No 2008, os Programas de garantía social son substituídos polo Programa de cualificación profesional inicial, na modalidade A, de servizos administrativos. Ademais, a oferta de Secundaria de Adultos complétase co Módulo IV.
2011-2016	IES DE RIBADAVIA IES O RIBEIRO	
2011-2012	No ano 2011 prodúcese unha reestruturación da rede de centros de Ribadavia, que fusiona o <i>IES O Ribeiro</i> co <i>IES Abrente</i> . O centro resultante pasa a denominarse <i>IES de Ribadavia</i> e conta con dúas sés: o edificio Ribeiro (antigo <i>IES O Ribeiro</i>) e o edificio Abrente (antigo <i>IES Abrente</i>). O Ciclo medio de Administrativo trasládase ao <i>CIFP Portovello</i> de Ourense.	
2012-2013	Engádese á oferta do centro o Ciclo medio de Aceite de oliva e viños. No curso seguinte lévase a cabo unha reforma no edificio Abrente para acoller unha adega, un novo laboratorio e unha sala de cata. Varios propietarios locais ceden as súas parcelas ao centro, para o cultivo de vide e olivo.	
2013-2014	A Lei orgánica de mellora da calidade educativa prescinde dos Programas de cualificación profesional inicial e introduce a Formación profesional básica. No <i>IES de Ribadavia</i> implántase a Formación profesional básica nos perfís de Mantemento de vehículos e Industrias alimentarias. Por solicitude da comunidade escolar, o novo centro cambia de nome e pasa a denominarse <i>IES O Ribeiro</i> .	
2015-2016	Lévase a cabo a obra de ampliación e reforma no edificio Ribeiro, creando novas aulas na planta baixa e construíndo unha nova cafetería baixo a primeira planta do lateral esquerdo. A oferta educativa é ampliada co Ciclo Superior de Vitivinicultura para o curso 2016/2017	

1.1.a Características do alumnado

O Instituto recibe alumnos dunha ampla zona xeográfica: Concellos de Arnoia Avión, Beade, Carballeda de Avia, Castrelo de Miño, Cenlle, Cortegada, Leiro, Melón, e Ribadavia, (Beade e Ribadavia maioritariamente alumnado de bacharelato). Ademais hai moitos núcleos de poboación e grandes distancias, sobre todo en tempo. Isto confire ao alumnado uns trazos específicos: pasan moitas horas fóra da casa, axudan nos traballos da casa, carecen de material bibliográfico fóra do centro, o nivel cultural non é moi grande, ... Todo isto ten a súa incidencia nos resultados académicos.

Nos últimos cursos estanse incorporando alumnos fillos de emigrantes retornados fundamentalmente de procedencia Iberoamericana e en menos medida de centro Europa. Segue habendo un número relativo de alumnos fillos de inmigrantes portugueses afincados fundamentalmente nos concellos de Castrelo de Miño e Cenlle.



Ilustración 2. Concellos do Ribeiro

Os postos de traballo da zona están dedicados o cultivo da uva para a elaboración do viño do Ribeiro. Este cultivo complementase co da agricultura de subsistencia por medio de pequenas hortas en réxime de minifundio. Complementase esta ocupación cos postos de sector servizos e empregados de pequenas e escasas industrias e comercio.

O alumnado do centro presenta variadas necesidades educativas, sobre todo no campo da comprensión-expresión, da motivación e dos hábitos de estudo e traballo. Estas dificultades deben ser atendidas de forma sistemática, con medidas non so correctivas, senón tamén preventivas, que dean resposta a esas necesidades tanto a nivel de grupo clase como individual, utilizando para iso as posibilidades que ofrece a normativa vixente e coa necesidade da colaboración de toda a comunidade educativa.

1.1.b Características do profesorado

Actualmente (curso 2015-2016), imparten clases no noso centro 47 profesores, dos cales 36 teñen destino definitivo no centro. Habitualmente compartimos cos CEIP da zona un profesor de audición e linguaxe.

1.1.c Persoal non docente

Actualmente (curso 2015-2016), o centro conta con tres administrativos, cinco limpadoras e catro subalternos, que desenvolven as súas tarefas en unha das dúas sés do centro.

1.1.d Asociación de pais e nais

Actualmente, en 2016, non existe ningunha asociación de pais e nais.

1.2 Organigrama de funcionamento

ORGANIGRAMA DO IES O RIBEIRO



1.3 Participación en programas institucionais

O centro participa nos seguintes programas:

1. PROGRAMA ERASMUS+, na modalidade KA1, que ten como obxectivo promover a mobilidade dos estudantes e titulados de ciclos formativos de grao medio. Para uns e outros, o programa proporciona a oportunidade de realizar prácticas en empresas doutro país da Unión Europea, co fin de mellorar a súa formación e a inserción no mundo laboral.

2. PROGRAMA PALE. Dende o ano 2005, os Departamentos de Inglés e Francés participan no programa PALE de inmersión lingüística para alumnos de ESO e Bacharelato. Os desprazamentos duran durante tres semanas e realízanse nos meses de xullo e agosto. Este programa supón una oportunidade para alumnos/as con escasos recursos económicos, que soen ver aumentadas as súas capacidades orais e escritas respecto aos seus compañeiros.

3. PROXECTO ABALAR. Abalar é o proxecto que engloba todas as iniciativas para a integración plena das TIC na práctica educativa en Galicia. Permite dotar ás aulas de infraestructuras, equipamentos e recursos, co obxectivo de converter o instituto nun centro educativo dixital.

4. PLAN PROXECTA. O Plan Proxecta é unha iniciativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en colaboración con diferentes organismos, dirixida a fomentar a innovación educativa nos centros a través de programas educativos que desenvolvan as competencias clave como eixe do currículo e os elementos transversais, nos cales se inclúe a educación en valores.

No marco deste plan, o IES O Ribeiro participa actualmente en dous programas:

- O programa *Xogade*, para o fomento e consolidación de hábitos fisicodeportivos saudables mediante a participación en actividades deportivas entre o alumnado de ESO
- O programa *Xermolón*, para a promoción da alimentación saudable a través da adquisición de pautas de consumo responsable entre o alumnado de ESO.

5. PLAN DIRECTOR. O *Plan Director para a convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos e nos seus contornos*, impulsado desde Delegación do Goberno en Galicia e a Alta Inspección de Educación, ofrece aos centros docentes a posibilidade de solicitar charlas informativas/formativas sobre temáticas como: acoso escolar, drogas e alcol, violencia de xénero, novas tecnoloxías, bandas xuvenís, etc.; charlas impartidas por persoas expertas das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado e dirixidas ao conxunto da comunidade educativa (alumnado, profesorado, familias).

1.4 Ensinanzas de réxime especial

No IES O Ribeiro impártese as seguintes ensinanzas de réxime especial:

- As ensinanzas básicas para persoas adultas.
- O Nivel II do ensino básico para persoas adultas,
- O Nivel III do ensino básico para persoas adultas, conducente á obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria.
- As ensinanzas modulares de ciclos medios para adultos.

Ademáis, o IES O Ribeiro acolle unha sección de inglés da EOI de Ourense.

1.5 Outras circunstancias que caracterizan a oferta educativa

A ratio profesor/alumno é baixa en todas as ensinanzas, de xeito que é posible prestar unha atención máis personalizada na aula. Ademais, o número de profesores permite realizar desdobramentos nas materias instrumentais de 1º e 2º ESO, adicar 20 horas semanais á atención e dinamización da Biblioteca Escolar e dinamizar o proxecto Abalar e as TIC.

2. Fins e intencións educativas do instituto

2.1 Fins e valores

Como centro de ensino público, o IES O Ribeiro promove os seguintes fins (cfr. art. 2 da Lei Orgánica 8/2013), configurados de acordo cos valores da Constitución e asentados no respecto aos dereitos e liberdades recoñecidos nela:

- a) O pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades dos alumnos.
- b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.
- c) A educación no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e a súa resolución pacífica.
- d) A educación na responsabilidade individual e no mérito e esforzo persoal.
- e) A formación para a paz, o respecto aos dereitos humanos, a vida en común, a cohesión social, a cooperación e solidariedade entre os pobos así como a adquisición de valores que propicien o respecto cara aos seres vivos e o ambiente, en particular ao valor dos espazos forestais e o desenvolvemento sustentable.
- f) O desenvolvemento da capacidade dos alumnos para regular a súa propia aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos, así como para desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor.
- g) A formación no respecto e recoñecemento da pluralidade lingüística e cultural de España e da interculturalidade como un elemento enriquecedor da sociedade.
- h) A adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e artísticos, así como o desenvolvemento de hábitos saudables, o exercicio físico e o deporte.
- i) A capacitación para o exercicio de actividades profesionais.
- j) A capacitación para a comunicación na lingua oficial e cooficial, se a houbese, e nunha ou máis linguas estranxeiras.
- k) A preparación para o exercicio da cidadanía e para a participación activa na vida económica, social e cultural, con actitude crítica e responsable e con capacidade de adaptación ás situacións cambiantes da sociedade do coñecemento.

Noutras palabras, o IES O Ribeiro procurará que todos os alumnos adquiren habilidades académicas e profesionais segundo os seus diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe e a interiorización cabal das normas e valores que precisan para a súa inserción na sociedade como cidadáns e cidadás útiles e responsables. Este obxectivo de aprendizaxe integral implica educar en valores democráticos e fomentar o crecemento persoal, a autonomía, o espírito crítico, a responsabilidade, a disciplina, a madurez e a toma de decisións dos seus alumnos.

Para o conseguir fomentarse a igualdade de oportunidades entre os alumnos e as alumnas, respectando a súa diversidade e implicando a toda a comunidade (profesores e profesoras, alumnos e alumnas, pais e nais de alumnos e persoal non docente) para superar puntos de partida desiguais e evitar situacións de abandono e deserción escolar. Asemade, o centro empregará metodoloxías axustadas a principios comprensivos e estará aberto a novos itinerarios educativos que poidan resultar unha oferta útil para o noso contorno específico.

Na percura da eficacia dos procesos de aprendizaxe –e máis como aprendizaxe en si mesmo-, velarase por manter e acrecentar un clima de convivencia vertebrado en torno ao respecto mutuo e a colaboración. Nesta liña, fomentarse a tolerancia, a paciencia, a seguridade, a confianza, a disciplina, o respecto aos dereitos humanos, a autonomía e a responsabilidade. Traballarase de maneira decidida a prol da igualdade, facendo compatíbeles intereses, aptitudes e motivacións diversas, insistindo na necesidade ineludible de respectar a todos os membros da comunidade escolar, así como de coidar as propias instalacións do centro, promovendo nos alumnos a asunción de responsabilidades e o interese por mellorar.

2.2 Tratamento dos elementos transversais

Real Decreto 1105/2014 Artigo 6. Elementos transversales.

1. En educación secundaria obrigatoria, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias.

2. As administracións educativas fomentarán o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

As administracións educativas fomentarán a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto aos homes e mulleres por igual, ás persoas con discapacidade e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e consideración ás vítimas do terrorismo e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

A programación docente debe comprender en todo caso a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.

Evitaranse os comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación.

Os currículos de educación secundaria obrigatoria e bacharelato incorporarán elementos curriculares relacionados co desenvolvemento sustentable e o ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, o abuso e maltrato ás persoas con discapacidade, as situacións de risco derivadas da inadecuada utilización das tecnoloxías da información e a comunicación, así como coa protección ante emerxencias e catástrofes.

3. Os currículos de educación secundaria obrigatoria e bacharelato incorporarán elementos curriculares orientados ao desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor, á adquisición de competencias para a creación e desenvolvemento dos diversos modelos de empresas e ao fomento da igualdade de oportunidades e do respecto ao emprendedor e ao empresario, así como á ética empresarial. As administracións educativas fomentarán as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

4. As administracións educativas adoptarán medidas para que a actividade física e a dieta equilibrada formen parte do comportamento xuvenil. Para estes efectos, as citadas administracións promoverán a práctica diaria de deporte e do exercicio físico por parte dos alumnos e alumnas durante a xornada escolar, nos termos e condicións que, seguindo as recomendacións dos organismos competentes, garantan un desenvolvemento adecuado para favorecer unha vida activa, saudable e autónoma. O deseño, coordinación e supervisión das medidas que para estes efectos se adopten no centro educativo serán asumidos polo profesorado con cualificación ou especialización adecuada nestes ámbitos.

5. No ámbito da educación e a seguranza viaria, as administracións educativas incorporarán elementos curriculares e promoverán accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de

tráfico, co fin de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuario das vías, en calidade de peón, viaxeiro e condutor de bicicletas ou vehículos de motor, respecte as normas e sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

De acordo coa normativa, cada profesor incluírá nas súas programacións didácticas estes contidos transversais.

2.3 Prioridades de actuación

As prioridades de actuación figuran no Proxecto de Dirección e concretáanse no Programación Xeral Anual.

3. Oferta educativa

3.1 Itinerarios e materias específicas e de libre configuración ofertadas

A oferta educativa inclúese no anexo 1, coa indicación do departamento que oferta cada unha das materias específicas e de libre configuración e a duración semanal de cada materia.

3.2 Actividades complementarias e extraescolares

Normativa de referencia

Decreto 324/1996, que aproba o Regulamento orgánico dos IES. Cfr. especialmente o Título II. Capítulo III. Artigos 61-63.

Orde do 1 da agosto de 1997, con instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 que aproba o Regulamento orgánico dos IES.

Corresponde á Vicedirección do centro a coordinación das actividades complementarias e extraescolares, atendendo á normativa vixente. A relación de actividades complementarias e extraescolares inclúese na Programación xeral anual e na Memoria anual do centro.

As actividades son propostas polos diferentes departamentos didácticos ou pola vicedirección co fin de lograr unha formación integral e o máis diversificada posible do alumnado. Deberán seleccionarse aquelas que veñan resultando máis rendibles, buscando priorizar a calidade sobre a cantidade e optimizando os recursos e o tempo.

Como norma xeral, todas as actividades que supoñan a suspensión de clases ordinarias deberá remitir directamente, non só remotamente, aos obxectivos e contidos das diferentes materias nas que se articula a actividade académica do centro e que se detallan nas programacións dos respectivos departamentos.

No desenvolvemento de todas as actividades, o tempo de asueto será marxinal con respecto ao dedicado á finalidade que as xustifica, non ao revés. En caso de que unha actividade complementaria non implique a todo o alumnado do centro, tomaranse as medidas necesarias para non perturbar a actividade académica ordinaria dos grupos non implicados. As actividades de máis de un día dataranse despois do remate das clases de xuño, agás que a natureza da saída o impida.

Canto á financiación, as actividades extraordinarias de unha xornada contarán cunha axuda de ata 200€ por autobús procedente dos gastos de funcionamento do centro. As actividades extraordinarias de máis de unha xornada contarán coas dietas para profesorado, de ata 200€ por actividade e día.

3.3 Servizos complementarios

- *Lei Orgánica 2/2006, modificada pola Lei Orgánica 8/2013, nos artigos 82 e 110.*
- *Instrución 3/2015 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, educación e Ordenación Universitaria, do 1 de xuño, sobre a xestión do servizo de transporte escolar no Curso escolar 2015-2016.*
- *Decreto 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación.*
- *Instrución 1/2015 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do 1 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2015-2016.*
- *Instrución 4/2014, do 5 de xuño de 2014, para a contratación do servizo de xestión e explotación da cafetería en centros docentes non universitarios dependentes da consellería.*

Comedor. Os alumnos de ESO teñen dereito a un posto no comedor escolar, coas tarifas e bonificacións que establece o Decreto 132/2013. O servizo de comedor só funciona un día á semana: o día que hai actividade lectiva vespertina. O comedor está ubicado no CPI Tomás de Lemos e é atendido por un catering contratado pola Consellería de Educación.

Transporte escolar. O centro conta con servizo de transporte escolar para todo o alumnado das ensinanzas obrigatorias (ESO e FPB). O alumnado de Bacharelato, Secundaria de adultos, Ciclos medios e Ciclo superior poderá utilizar o transporte, de existir prazas libres, coa autorización expresa e nominal da Consellería de Educación, segundo as Instrucións que a propia Consellería dita anualmente.

De acordo coa Orde do 23 de xuño de 2011, o profesorado atende o servizo de transporte escolar no momento da chegada ao centro e no tempo de saída, para evitar incidencias. Nas Normas de organización e funcionamento (anexo 3) precísanse as tarefas dos profesores de garda neste servizo.

Cafetería. O IES O Ribeiro dispón dunha ampla cafetería no edificio Ribeiro, en réxime de concesión anual non prorrogable. No edificio Abrente existe outra cafetería, sen persoal de restauración, que conta con máquinas expendedoras e máis mesa de pingpong.

Biblioteca escolar. No apartado 7.4.a das Normas de organización e funcionamento e no Plan Lector, regúlase a organización da biblioteca, así como as normas de uso e de préstamo.

4. Concreción do currículo

4.1 Proxecto curricular

O Proxecto Curricular de Centro inclúese na Programación Xeral Anual e consta das programacións didácticas que cada departamento presenta anualmente. Con todo, existen ademais os acordos xerais que se indican a seguir:

4.1.a Criterios de agrupamento dos alumnos de 1º de ESO

Os alumnos de 1º de ESO proceden de centros de Primaria moi pequenos. Por regra xeral, cada ano incorpóranse a 1º de ESO entre 1 e 6 alumnos de cada centro adscrito. Esta situación provoca que sexa necesario un proceso de adaptación importante, tanto para a adquisición de novas amizades, como na aprendizaxe das normas de convivencia básicas.

Para facilitar esta adaptación, a agrupación dos alumnos de 1º de ESO atende á procedencia, de xeito que –se é posible– nos grupos non haxa ningún alumno illado do resto dos alumnos procedentes do mesmo centro de Primaria e, de haber máis de tres, se divídan entre os grupos existentes co fin de favorecer que traben relación cos outros compañeiros.

Ademais, este criterio de agrupación combínase co equilibrio entre alumnos e alumnas; o equilibrio académico, a partir dos informes dos centros de Primaria e a distribución de alumnos repetidores e daqueles que contan con medidas de atención á diversidade; a procura da boa convivencia, evitando a coincidencia de alumnos disruptivos ou con mala relación entre si e, por suposto, a selección das materias de opción para o curso.

4.1.b Criterios de agrupamento dos alumnos de 2º a 4º de ESO

Nos cursos de 2º a 4º de ESO procúrase manter a distribución do grupo de 1º de ESO, reaxustando só o necesario para evitar a coincidencia de alumnos disruptivos; para distribuír aos alumnos repetidores ou que contan con medidas de atención á diversidade e para atender á selección de materias de opción do curso.

4.1.c Criterios pedagoxicos para a elaboración de horarios

Sen perxuízo das modificacións que se podan introducir a comezo de cada curso, como norma xeral seguiranse estes criterios pedagóxicos para a elaboración de horarios:

1. Para as materias de ESO e BAC que contan con dúas ou tres horas lectivas, tratarase de distribuír as horas ao longo da semana, evitando que se impartan en días consecutivos. Ademais, intentarase evitar que unha mesma materia teña unha hora lectiva a última hora dun día e á primeira da seguinte.
2. Para as materias ou módulos de ESO que contan con oito ou máis horas semanais, establécese un máximo de tres sesións diarias.
3. Para os módulos asociados aos bloques comúns de FPB establécese un máximo de tres sesións diarias.
4. Cando unha materia ou un módulo conte con máis dunha sesión diaria, favorecerase que sexan consecutivas.
5. Tratarase de introducir unha hora de coincidencia dentro do horario lectivo para os titores dun mesmo ciclo de ESO, os de FPB e Secundaria de adultos. Ademais, os titores contarán cunha sesión semanal complementaria que se adicará, periodicamente, á mellora da coordinación coa xefatura de estudos.
6. Tratarase de evitar que a materia de EF de 1º de bacharelato coincida á primeira hora da tarde.

7. Canto ás horas de garda, as dinamizacións e as reducións (nos casos previstos), asignaranse segundo o permita a dispoñibilidade horaria do profesorado e as necesidades do servizo.

4.1.d Asignación de materias aos departamentos

A normativa vixente establece a relación entre as materias e módulos e as especialidades do profesorado:

- **Real Decreto 665/2015**, do 17 de xullo, polo que se desenvolven determinadas disposicións relativas ao exercicio da docencia na Educación Secundaria Obrigatoria, o Bacharelato, a Formación Profesional e as ensinanzas de réxime especial, á formación inicial do profesorado e ás especialidades dos corpos docentes de Ensinanza Secundaria.

- **Orde do 15 de xullo de 2015**, pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta.

- **Orde do 24 de xuño de 2008** pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e se establece o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia. DOG 23 de xullo de 2008.

- **Decreto 94/2011**, de 28 de abril, por el que se establece el currículo del ciclo formativo de grado medio correspondiente al título de técnico en electromecánica de vehículos automóviles.

- **Decreto 61/2010**, do 18 de marzo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en aceites de oliva e viños.

- **Decreto 48/2010**, de 11 de marzo, por el que se establece el currículo del ciclo formativo de grado superior correspondiente al título de técnico superior en vitivinicultura.

4.1.e Programa de recuperación das materias pendentes de ESO

O alumnado que promocioe de curso sen ter superado todas as materias seguirá un programa de reforzo destinado a recuperar as aprendizaxes non adquiridas e deberá superar a avaliación correspondente a dito programa. A avaliación do programa de reforzo será tida en conta para os efectos de cualificación das materias non superadas.

Os procesos de avaliación das materias pendentes establecidos en principio son os seguintes:

1. Procedemento A: programa de reforzo e exames parciais.

1.1. Programa de reforzo. Os departamentos prepararán material para orientar a preparación dos exames parciais das materias pendentes. Os traballos entregaranse aos alumnos trimestralmente, co fin de que sexan realizados e corrixidos antes das probas parciais, de acordo co calendario establecido no claustro a principio de curso. A realización destes traballos puntuará un 10% da nota como máximo.

O desenvolvemento do programa de reforzo será competencia do profesor que imparta docencia no curso; ou do xefe de departamento en caso de que o alumno non teña docencia da materia no curso actual.

1.2 . Exames parciais, tres por curso, segundo o calendario que se aprobe cada ano académico no claustro. O exame parcial representará o 90 % da nota. Cualifíca-raos o profesor de área ou o xefe do departamento segundo o alumno teña docencia de-sa materia ou non no curso actual.

2. Procedemento B: probas finais, establecidas segundo o calendario aprobado no claustro a principio de curso e setembro (segundo o calendario escolar establecido

pola Consellería). Cualificaraas a xefatura departamento en colaboración profesorado que imparta áreas no curso no que está matriculado o alumno.

3. Procedemento C: avaliación continua

No caso de materias de contidos progresivos, considerarase superada a materia pendente se o alumno supera a materia do curso no que se atopa matriculado. A estes efectos considéramos materias de contidos progresivos as seguintes: *Educación física; Educación plástica, visual e audiovisual; Lingua castelá e literatura; Lingua galega e literatura; 1ª lingua estranxeira (Inglés); 2ª lingua estranxeira (Francés); Matemáticas; Relixión e Música.*

4.1.f Programa de recuperación das materias pendentes de BACHARELATO

Os departamentos didácticos asumirán as tarefas de recuperación e avaliación dos alumnos de 2º curso de Bacharelato que teñan materias pendentes do curso anterior. A principio de curso, proporánlles aos alumnos un plan de traballo no que se farán constar a relación de contidos mínimos, as actividades recomendadas e os criterios e instrumentos de avaliación.

Como norma xeral, realizaranse dúas probas de avaliación escritas de carácter global sobre os contidos mínimos, que se datarán segundo o calendario establecido no claustro a principios de curso. Estas probas escritas poderán ser complementadas por outros instrumentos de avaliación determinados polo departamento.

Co fin de realizar o seguimento do proceso de recuperación de materias pendentes, os xefes de departamento fixarán dous periodos de recreo semanal, durante os que resolverán dúbidas e/ou corruxirán as tarefas presentadas polos alumnos.

4.2 Programacións didácticas

De acordo co capítulo V da **Resolución do 27 de xullo de 2015**, as programacións didácticas constan dos seguintes aspectos:

- a) *Introdución e contextualización.*
- b) *Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia que forman parte dos perfís competenciais.*
- c) *Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso.*
- d) *Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábeis de:*
 - 1º) *Temporalización.*
 - 2º) *Grao mínimo de consecución para superar a materia.*
 - 3º) *Procedementos e instrumentos de avaliación.*
- e) *Concrecións metodolóxicas que require a materia.*
- f) *Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.*
- g) *Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.*
- h) *Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.*
- i) *Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.*
- l) *Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.*
- m) *Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.*
- n) *Medidas de atención á diversidade.*
- ñ) *Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.*
- o) *Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico.*

p) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

No anexo 2 constan os modelos de programación, de seguimento trimestral de programación, de memoria final para as materias e módulos de ESO, BAC e ES de adultos. Figura tamén o formulario para a presentación da materia para os pais e os alumnos a principio de curso. Estes modelos están a disposición do profesorado na Aula virtual do centro.

5. Promoción e titulación

5.1 Avaliación

No punto 4.6. das Normas de organización e funcionamento (anexo 3) aparece regulada a avaliación.

5.2 Criterios de promoción

5.2.a Criterios de promoción na ESO

Lei Orgánica 2/2006, modificada pola Lei Orgánica 8/2013. Artigo 28. Avaliación e promoción.

1. A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado da educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora.

Estableceranse as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades educativas especiais.

2. As decisións sobre a promoción do alumnado dun curso a outro, dentro da etapa, serán adoptadas de forma colexiada polo conxunto de profesores do alumno ou alumna respectivo, atendendo ao logro dos obxectivos e ao grao de adquisición das competencias correspondentes.

Os alumnos e alumnas promocionarán de curso cando superen todas as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo, e repetirán curso cando teñan avaliación negativa en tres ou máis materias, ou en dúas materias que sexan Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas de forma simultánea.

De forma excepcional, poderase autorizar a promoción dun alumno ou alumna con avaliación negativa en tres materias cando se dean conxuntamente as seguintes condicións:

a) que dúas das materias con avaliación negativa non sexan simultaneamente Lingua Castelá e Literatura, e Matemáticas,

b) que o equipo docente considere que a natureza das materias con avaliación negativa non impide ao alumno ou alumna seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución académica,

c) e que se apliquen ao alumno ou alumna as medidas de atención educativa propostas no consello orientador a que se refire o número 7 deste artigo.

Poderase tamén autorizar de forma excepcional a promoción dun alumno ou alumna con avaliación negativa en dúas materias que sexan Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas de forma simultánea cando o equipo docente considere que o alumno ou alumna pode seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución académica, e sempre que se apliquen ao alumno ou alumna as medidas de atención educativa propostas no consello orientador a que se refire o número 7 deste artigo.

Para os efectos deste punto, só se computarán as materias que, como mínimo, o alumno ou alumna debe cursar en cada un dos bloques. Ademais, en relación con aqueles alumnos e alumnas que cursen Lingua Cooficial e Literatura, só se computará unha materia no bloque de disciplinas de libre configuración autonómica, con independencia de que os ditos alumnos e alumnas poidan cursar máis materias dese bloque. As materias coa mesma denominación en diferentes cursos da educación secundaria obrigatoria consideraranse como materias distintas. A materia Lingua Cooficial e Literatura terá a mesma consideración que a materia Lingua Castelá e Literatura naquelas comunidades autónomas que posúan lingua cooficial.

3. Co fin de facilitar aos alumnos e alumnas a recuperación das materias con avaliación negativa, as administracións educativas regularán as condicións para que os centros organicen as oportunas probas

extraordinarias nas condicións que determinen.

4. Aqueles que promocionen sen ter superado todas as materias deberanse matricular das materias non superadas, seguirán os programas de reforzo que estableza o equipo docente e deberán superar as avaliacións correspondentes aos ditos programas de reforzo. Esta circunstancia será tida en conta para os efectos de promoción previstos nos números anteriores.

5. O alumno ou alumna poderá repetir o mesmo curso unha soa vez e dúas veces como máximo dentro da etapa. Cando esta segunda repetición se deba producir en terceiro ou cuarto curso, prolongarase un ano o límite de idade a que se refire o número 2 do artigo 4. Excepcionalmente, un alumno ou alumna poderá repetir unha segunda vez en cuarto curso se non repetiu nos cursos anteriores da etapa.

6. En todo caso, as repeticións estableceranse de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumno ou alumna e estean orientadas á superación das dificultades detectadas.

7. Coa finalidade de facilitar que todos os alumnos e alumnas logren os obxectivos e alcancen o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes, as administracións educativas establecerán medidas de reforzo educativo, con especial atención ás necesidades específicas de apoio educativo. A aplicación personalizada das medidas revisarase periodicamente e, en todo caso, ao finalizar o curso académico.

Ao final de cada un dos cursos de educación secundaria obrigatoria entregarase aos pais, nais ou tutores legais de cada alumno ou alumna un consello orientador, que incluírá un informe sobre o grao de logro dos obxectivos e de adquisición das competencias correspondentes, así como unha proposta a pais, nais ou tutores legais ou, se for o caso, ao alumno ou alumna do itinerario máis adecuado que pode seguir, que poderá incluír a incorporación a un programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento ou a un ciclo de formación profesional básica.

8. Tras cursar o primeiro ciclo de educación secundaria obrigatoria, así como unha vez cursado o segundo curso cando o alumno ou alumna se vaia incorporar de forma excepcional a un ciclo de formación profesional básica, entregarase aos alumnos e alumnas un certificado dos estudos cursados.

9. Naquelas comunidades autónomas que posúan, xunto ao castelán, outra lingua oficial de acordo cos seus estatutos, os alumnos e alumnas poderán estar exentos de realizar a avaliación da materia Lingua Cooficial e Literatura segundo a normativa autonómica correspondente.

Nos supostos de promoción extraordinaria establecidos na norma, a decisión sobre a mesma realizarase despois da proba extraordinaria de setembro. Non se fará valoración se o alumno non se presentou aos exames extraordinarios.

Para acordar a promoción extraordinaria dun alumno, abondará o acordo favorable da maioría simple. Para unha votación positiva consideraranse os seguintes aspectos:

- Ter asistido con regularidade a clase das materias en cuestión. Non ter sen xustificar un número de faltas equivalentes á perda de escolaridade da materia.
- Ter manifestado durante o curso unha actitude positiva nas materias suspensas:
 - Participación na aula.
 - Traer con regularidade o material requirido.
 - Ter realizado as tarefas de maneira suficiente regular e continuada.
 - Bo comportamento. Non máis de cinco partes de incidencias no curso.
 - Esforzo.
- Acadar unha cualificación mínima de 4 puntos nas materias suspensas.

5.2.b Criterios de promoción de BACHARELATO

Lei Orgánica 2/2006, modificada pola Lei Orgánica 8/2013. Artigo 36. Avaliación e promoción.

1. A avaliación da aprendizaxe do alumnado será continua e diferenciada segundo as distintas materias. O profesorado de cada materia decidirá, ao remate do curso, se o alumno ou alumna logrou os obxectivos e alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes.

Estableceranse as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades educativas especiais.

2. Os alumnos e alumnas promocionarán de primeiro a segundo de bacharelato cando superasen as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias, como máximo. En todo caso, deberanse

matricular en segundo curso das materias pendentes de primeiro. Os centros docentes deberán organizar as seguintes actividades de recuperación e a avaliación das materias pendentes.

Para os efectos deste número, só se computarán as materias que como mínimo o alumno ou alumna debe cursar en cada un dos bloques. Ademais, en relación con aqueles alumnos e alumnas que cursen Lingua Cooficial e Literatura, só se computará unha materia no bloque de disciplinas de libre configuración autonómica, con independencia de que os ditos alumnos e alumnas poidan cursar máis materias do dito bloque.

Sen superar o prazo máximo para cursar o bacharelato indicado no artigo 32.4, os alumnos e alumnas poderán repetir cada un dos cursos de bacharelato unha soa vez como máximo, ben que excepcionalmente poderán repetir un dos cursos unha segunda vez, logo de informe favorable do equipo docente.

3. Os alumnos e alumnas poderán realizar unha proba extraordinaria das materias que non superasen, nas datas que determinen as administracións educativas.

4. A superación das materias de segundo curso que impliquen continuidade estará condicionada á superación das correspondentes materias de primeiro curso. A dita correspondencia establecerase por vía regulamentaria.

5. Naquelas comunidades autónomas que posúan, xunto ao castelán, outra lingua oficial de acordo cos seus estatutos, os alumnos e alumnas poderán estar exentos de realizar a avaliación da materia Lingua Cooficial e Literatura segundo a normativa autonómica correspondente.

5.2.c Criterios de promoción de Ciclos de Formación Profesional

Lei Orgánica 2/2006, modificada pola Lei Orgánica 8/2013. Artigo 43. Avaliación.

1. A avaliación da aprendizaxe do alumnado nos ciclos de formación profesional básica e nos ciclos formativos de grao medio e superior realizarase por módulos profesionais e, se for o caso, por materias ou bloques, de acordo coas condicións que o Goberno determine regulamentariamente.

2. A superación dos ciclos de formación profesional básica, dos ciclos formativos de grao medio e dos de grao superior requirirá a avaliación positiva en todos os módulos e, se for o caso, materias e bloques que os compoñen.

Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial

Artigo 4. Matrícula polo réxime ordinario na modalidade presencial.

2. O alumnado poderá formalizar a matrícula no segundo curso cando teña superados todos os módulos do primeiro curso ou se a suma da duración do módulo ou dos módulos pendentes non supera as 300 horas.

ORDE do 13 de xullo de 2015 pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o acceso e a admisión nestas ensinanzas.

Artigo 22. Promoción a segundo curso

1. Ao remate do primeiro dos cursos do ciclo formativo e como resultado do proceso de avaliación, o equipo docente de cada grupo de alumnado, na sesión final extraordinaria, decidirá sobre a promoción a segundo curso.

2. O alumnado de primeiro curso terá promoción cando:

a) Superase todos os módulos nalgunha das convocatorias establecidas.

b) Os módulos profesionais asociados a unidades de competencia pendentes non superen o 20 % do horario semanal e superase o módulo de Comunicación e sociedade I ou o módulo de Ciencias aplicadas I. Con todo, deberá matricularse destes módulos profesionais pendentes de primeiro curso. Os centros docentes deberán organizar as consecuentes actividades de recuperación e avaliación dos módulos profesionais pendentes.

O alumnado deberá ser informado das actividades programadas para a súa recuperación, así como do período da súa realización, a temporalización e a data en que serán avaliadas.

3. O alumnado que non cumpra os requisitos de promoción ao segundo curso deberá repetir o primeiro curso na súa totalidade.

5.2.d Criterios de promoción da Ensinanza Secundaria de Adultos

Orde do 24 de outubro de 2008, pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e se establece o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 39º.-Promoción por ámbito.

Na educación secundaria para persoas adultas, o alumnado poderá estar cursando módulos diferentes nos distintos ámbitos e a promoción será por ámbitos de forma independente. Dentro de cada ámbito, o alumnado non poderá ser avaliado dun módulo sen ter superado previamente o precedente ou ter sido promovido a el.

5.3 Criterios de titulación

5.3.a Criterios de titulación de ESO

Lei Orgánica 2/2006, modificada pola Lei Orgánica 8/2013

Artigo 29. Avaliación final de educación secundaria obrigatoria.

1. Ao finalizar o cuarto curso, os alumnos e alumnas realizarán unha avaliación individualizada pola opción de ensinanzas académicas ou pola de ensinanzas aplicadas, na cal se comprobará o logro dos obxectivos da etapa e o grao de adquisición das competencias correspondentes en relación coas seguintes materias:

a) Todas as materias xerais cursadas no bloque de disciplinas troncais, salvo Bioloxía e Xeoloxía e Física e Química, das cales o alumno ou alumna será avaliado se as escolle entre as materias de opción, segundo se indica no parágrafo seguinte.

b) Dúas das materias de opción cursadas no bloque de disciplinas troncais, en cuarto curso.

c) Unha materia do bloque de disciplinas específicas cursada en calquera dos cursos, que non sexa Educación Física, Relixión ou Valores Éticos.

2. Os alumnos e alumnas poderán realizar a avaliación por calquera das dúas opcións de ensinanzas académicas ou de ensinanzas aplicadas, con independencia da opción cursada en cuarto curso de educación secundaria obrigatoria, ou por ambas as opcións na mesma ocasión.

3. Poderanse presentar a esta avaliación aqueles alumnos e alumnas que obtiveron ben avaliación positiva en todas as materias, ben negativa nun máximo de dúas materias sempre que non sexan simultaneamente Lingua Castelá e Literatura, e Matemáticas. Para estes efectos, a materia Lingua Cooficial e Literatura terá a mesma consideración que a materia Lingua Castelá e Literatura naquelas comunidades autónomas que posúan lingua cooficial.

Para os efectos deste número, só se computarán as materias que como mínimo o alumno ou alumna debe cursar en cada un dos bloques. Ademais, en relación con aqueles alumnos e alumnas que cursen Lingua Cooficial e Literatura, só se computará unha materia no bloque de disciplinas de libre configuración autonómica, con independencia de que os ditos alumnos e alumnas poidan cursar máis materias dese bloque. As materias coa mesma denominación en diferentes cursos de educación secundaria obrigatoria consideraranse como materias distintas.

4. O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte establecerá para todo o Sistema educativo español os criterios de avaliación e as características das probas, deseñaraas e establecerá o seu contido para cada convocatoria.

5. A superación desta avaliación requirirá unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

6. Os alumnos e alumnas que non superen a avaliación pola opción escollida, ou que desexen elevar a súa cualificación final de educación secundaria obrigatoria, poderán repetir a avaliación en convocatorias sucesivas, logo de solicitude.

Os alumnos e alumnas que superasen esta avaliación por unha opción poderanse presentar de novo a avaliación pola outra opción se o desexan, e de non a superaren en primeira convocatoria poderana repetir en convocatorias sucesivas, logo de solicitude.

Tomarase en consideración a cualificación máis alta das obtidas nas convocatorias que o alumno ou alumna supere.

Celebraranse polo menos dúas convocatorias anuais, unha ordinaria e outra extraordinaria.

Artigo 31. Título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

1. Para obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria será necesaria a superación da avaliación final, así como unha cualificación final da dita etapa igual ou superior a 5 puntos sobre 10. A cualificación final de educación secundaria obrigatoria deducirase da seguinte ponderación:

a) Cun peso do 70%, a media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das materias cursadas en educación secundaria obrigatoria.

b) Cun peso do 30%, a nota obtida na avaliación final de educación secundaria obrigatoria. En caso de que o alumno ou alumna superase a avaliación polas dúas opcións de avaliación final, a que se refire o

artigo 29.1, para a cualificación final tomarase a máis alta das que se obteñan tendo en conta a nota obtida en ambas as opcións.

2. O título de graduado en educación secundaria obrigatoria permitirá acceder ás ensinanzas postobrigatorias recollidas no artigo 3.4 desta lei orgánica, de acordo cos requisitos que se establecen para cada ensinanza.

3. No título deberá constar a opción ou opcións polas que se realizou a avaliación final, así como a cualificación final de educación secundaria obrigatoria.

Farase constar no título, por dilixencia ou anexo a el, a nova cualificación final de educación secundaria obrigatoria cando o alumno ou alumna se presente de novo a avaliación pola mesma opción para elevar a súa cualificación final.

Tamén se fará constar, por dilixencia ou anexo, a superación polo alumno ou alumna da avaliación final por unha opción diferente á que xa conste no título, caso en que a cualificación final será a máis alta das que se obteñan tendo en conta os resultados de ambas as opcións.

4. Os alumnos e alumnas que cursen a educación secundaria obrigatoria e non obteñan o título a que se refire este artigo recibirán unha certificación oficial na cal constará o número de anos cursados, así como o grao de logro dos obxectivos da etapa e de adquisición das competencias correspondentes.

5. As administracións educativas poderán establecer medidas de atención personalizada dirixidas a aqueles alumnos e alumnas que téndose presentado á avaliación final de educación secundaria obrigatoria non a superasen.

6. En caso de que se obteña o título de graduado en educación secundaria obrigatoria pola superación da proba regulada no número 2 do artigo 68 desta lei orgánica, a cualificación final de educación secundaria obrigatoria será a obtida na dita proba.

5.3.b Criterios de titulación de BACHARELATO

Lei Orgánica 2/2006, modificada pola Lei Orgánica 8/2013

Artigo 36 bis. Avaliación final de bacharelato.

1. Os alumnos e alumnas realizarán unha avaliación individualizada ao finalizar o bacharelato, na cal se comprobará o logro dos obxectivos desta etapa e o grao de adquisición das competencias correspondentes en relación coas seguintes materias:

a) Todas as materias xerais cursadas no bloque de disciplinas troncais. No suposto de materias que impliquen continuidade, terase en conta só a materia cursada en segundo curso.

b) Dúas materias de opción cursadas no bloque de disciplinas troncais, en calquera dos cursos. As materias que impliquen continuidade entre os cursos primeiro e segundo só computarán como unha materia; neste suposto terase en conta só a materia cursada en segundo curso.

c) Unha materia do bloque de disciplinas específicas cursada en calquera dos cursos, que non sexa Educación Física nin Relixión.

2. Só se poderán presentar a esta avaliación aqueles alumnos e alumnas que obtivesen avaliación positiva en todas as materias.

Para os efectos deste número, só se computarán as materias que como mínimo o alumno ou alumna debe cursar en cada un dos bloques. Ademais, en relación con aqueles alumnos e alumnas que cursen Lingua Cooficial e Literatura, só se computará unha materia no bloque de disciplinas de libre configuración autonómica, con independencia de que os alumnos e alumnas poidan cursar máis materias dese bloque.

3. O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, logo de consulta ás comunidades autónomas, establecerá para todo o Sistema educativo español os criterios de avaliación e as características das probas, e deseñará e establecerá o seu contido para cada convocatoria.

4. A superación desta avaliación requirirá unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

5. Os alumnos e alumnas que non superen esta avaliación, ou que desexen elevar a súa cualificación final de bacharelato, poderán repetir a avaliación en convocatorias sucesivas, logo de solicitude.

Tomarase en consideración a cualificación máis alta das obtidas nas convocatorias a que se concorrese.

Celebraranse polo menos dúas convocatorias anuais, unha ordinaria e outra extraordinaria.

Artigo 37. Título de bacharel.

1. Para obter o título de bacharel será necesaria a superación da avaliación final de bacharelato, así como unha cualificación final de bacharelato igual ou superior a 5 puntos sobre 10. A cualificación final desta etapa deducirase da seguinte ponderación:

a) Cun peso do 60%, a media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das materias cursadas en bacharelato.

b) *Cun peso do 40%, a nota obtida na avaliación final de bacharelato.*

2. *O título de bacharel facultará para acceder ás distintas ensinanzas que constitúen a educación superior establecidas no artigo 3.5, nel deberá constar a modalidade cursada, así como a cualificación final de bacharelato.*

3. *A avaliación positiva en todas as materias do bacharelato sen ter superado a avaliación final desta etapa dará dereito ao alumno ou alumna a obter un certificado que producirá os efectos laborais e os académicos previstos nos artigos 41.2.b), 41.3.a) e 64.2.d) desta lei orgánica.*

5.3.c Criterios de titulación de Formación Profesional

Lei Orgánica 2/2006, modificada pola Lei Orgánica 8/2013

Artigo 44. Títulos e validacións.

1. *Os alumnos e alumnas que superen un ciclo de formación profesional básica recibirán o título profesional básico correspondente.*

O título profesional básico permitirá o acceso aos ciclos formativos de grao medio da formación profesional do sistema educativo.

Os alumnos e alumnas que se encontren en posesión dun título profesional básico poderán obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria por calquera das dúas opcións a que se refire o artigo 29.1 desta lei orgánica, mediante a superación da avaliación final de educación secundaria obrigatoria en relación coas materias do bloque de disciplinas troncais que como mínimo se deban cursar na opción que escolla o alumno ou alumna. A cualificación final de educación secundaria obrigatoria será a nota obtida na avaliación final de educación secundaria obrigatoria.

Ademais, as persoas maiores de 22 anos que teñan acreditadas as unidades de competencia profesional incluídas nun título profesional básico, ben a través de certificados de profesionalidade de nivel 1 ou polo procedemento de avaliación e acreditación establecido, recibirán das administracións educativas o título profesional básico.

2. *Os alumnos e alumnas que superen os ciclos formativos de grao medio da formación profesional recibirán o título de técnico da correspondente profesión.*

O título de técnico permitirá o acceso, logo de superación dun procedemento de admisión, aos ciclos formativos de grao superior da formación profesional do sistema educativo.

3. *Os alumnos e alumnas que superen os ciclos formativos de grao superior da formación profesional obterán o título de técnico superior.*

O título de técnico superior permitirá o acceso, logo de superar un procedemento de admisión, aos estudos universitarios de grao.

4. *Os alumnos e alumnas que se encontren en posesión dun título de técnico ou de técnico superior poderán obter o título de bacharel pola superación da avaliación final de bacharelato en relación coas materias do bloque de disciplinas*

5.3.d Criterios de titulación da Ensinanza Secundaria de Adultos

Orde do 24 de outubro de 2008, pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e se establece o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 46º.-Titulación de graduado en educación secundaria obrigatoria.

1. *Para obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria cumprirá ter superado o segundo módulo, módulo 4, de todos os ámbitos do nivel II da educación secundaria para persoas adultas.*

2. *Excepcionalmente, o equipo avaliador poderá propor para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumno ou a alumna que, ao finalizar o nivel II da educación secundaria para persoas adultas, sexa avaliado negativamente nun dos ámbitos de coñecemento ou nas ensinanzas da oferta curricular propia de cada centro, sempre que acadasen globalmente as competencias básicas e os obxectivos establecidos para o ensino básico para as persoas adultas.*

6. Colaboración e participación entre os distintos sectores da comunidade educativa

A colaboración entre os distintos sectores da comunidade educativa atopa a súa máxima expresión no Consello Escolar, no que todos os sectores contan coa súa propia representación.

Ademais, foméntase a implicación das familias por varios medios:

a) As reunións de pais de principio de curso, que ten lugar despois da avaliación inicial e na que se adoita comunicar as principais novidades do ano académico.

b) A tutoría, que exerce a coordinación da xunta de avaliación e mantén informados aos pais ou titores legais da evolución dos alumnos.

c) Os medios de comunicación: sms, correo ordinario, teléfono, correo electrónico e máis a axenda escolar, que se utiliza como vía de enlace entre o profesor e os pais, xeralmente en relación coas tarefas escolares que deben realizarse en casa.

Incentívase tamén a participación das familias nalgunhas actividades, especialmente as relacionadas coa dinamización lectora. Así, a biblioteca oferta o carnet de usuario a todos os membros da comunidade educativa e cada ano pon en funcionamento varias *mochilas viaxeiras*. Ademais, no curso 2015-2016 inugurouse un clube de lectura aberto á participación de profesores, pais, persoal non docente e representantes do Concello no Consello Escolar.

Do mesmo xeito, as familias asisten ao acto de titulación dos alumnos de 2º de BAC e, eventualmente, a algúns dos festivais celebrados con ocasión do Nadal, das Letras Galegas ou de final de curso. En calquera caso, ao remate de cada ano académico reciben un exemplar da revista escolar, que dá conta das principais actividades levadas a cabo.

7. Formas de colaboración e intercambio cultural cos servizos sociais e educativos do concello e outras institucións

7.1 Centros de educación primaria adscritos ao instituto

CEIP San Salvador (Arnoia)
 CEIP Carmen García Carrasco (Cenlle)
 CEIP Virxe de Guadalupe (Avión)
 CEIP Castrelo de Miño (Castrelo de Miño)
 CEIP Pena Corneira (Carballeda de Avia)
 CEIP de Quins (Quins)
 CEIP Emilia Pardo Bazán (Leiro)
 CEIP Plurilingüe Otero Novas (Cortegada)

7.2 Outros centros relacionados co instituto

O IES O Ribeiro mantén unha moi estreita relación co CPI Tomás de Lemos, co que comparte o pabillón deportivo (regulado por un convenio entre o Concello e a Consellería de Educación), o patio de recreo, o aparcamento, os accesos ao recinto escolar e máis o uso de varias liñas de transporte. Ademais, o alumnado de ESO do IES O Ribeiro fai uso de servizo de comedor nas instalacións do CPI Tomás de Lemos; pola contra, o alumnado e o profesorado do CPI Tomás de Lemos utilizan a cafetería do instituto, accedendo pola entrada do patio.

Tamén é frecuente que algún membro do claustro imparta docencia no CPI ou que

algún profesor do CPI complete o seu horario no IES.

7.3 Departamentos universitarios

O centro colabora cada ano coa Universidade de Santiago, coa Universidade de Vigo e coa UNED, en relación co Máster universitario de profesorado de secundaria.

7.4 Empresas e institucións nas que os alumnos poderán realizar a FCT

Os convenios para a realización de FCT teñen vixencia só durante o periodo de formación do alumnado; deste xeito, cada curso escolar existen máis ou menos empresas colaboradoras en función do número de alumnos en FCT.

A Consellería de Cultura, Educación asinou neste anos convenios de colaboración con Aceites Abril SL, Cooperativa Vitivinícola do Ribeiro, Bodegas Docampo e con EVEGA, para a formación do alumnado.

Destacamos a importante colaboración que a Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (EVEGA), ten na formación do alumnado do Ciclo Medio de Aceites de Oliva e Viños, pola contidade e calidade da formación que apotan o alumnado nas numerosas actividades que imparten.

Ademais, como se indica no apartado 1.3 deste documento, o IES O Ribeiro participa no programa Erasmus+, na modalidade KA1, que ten como obxectivo promover a mobilidade dos estudantes e titulados de ciclos formativos de grao medio. Para uns e outros, o programa proporciona a oportunidade de realizar prácticas en empresas doutro país da Unión Europea, co fin de mellorar a súa formación e a inserción no mundo laboral. Gracias a este programa, os alumnos do ciclo medio de Aceite de Oliva e Viños poden realizar o periodo de formación en centros de traballo noutros países europeos.

Dentro do ámbito de influencia do centro, as empresas elíxense atendendo ás características persoais e formativas do alumno e ás posibilidades de desprazamento. Contamos coas seguintes entidades como colaboradoras habituais:

a) Empresas vencelladas á familia profesional de Industrias alimentarias

- Evega
- Aceites Abril, S.L.
- Cooperativa Vitivinícola del Ribeiro-Viña Costeira
- Bodegas Docampo
- Aceites José Galán, S.L.
- Antonio Montero Sobrino
- Bodega Cooperativa San Roque de Beade
- Bodegas Castro Rei, S.L.
- Bodegas César Manuel García Álvarez
- Bodegas Cunqueiro, S.L.
- Bodegas Docampo
- Bodegas Loeda, S.L.
- Casal de Armán, S.L.
- Doviño laboratorio enolóxico
- Enoavia

- Finca Viñoa
- Viticultores JI Gomariz
- Vitivinícola del Avia, S.L.

b) Empresas vencelladas á familia profesional de Transporte e mantemento de vehículos

- Automecánica Rada, S.L.
- Autogal, S.A.
- Automecánica Dezacar
- Automóviles Valdepereira
- Carballeda Motor, S.L.
- Celanova Motor, S.L.
- Celauto, S.C.
- Feuvert
- Francisco Javier Gómez González (Taller mecánico S. Cristóbal)
- J. Varela, S.L.
- José Manuel Fidalgo Gómez
- Mosquera e Hijos, S.L.
- RDL Taller
- Taller Lavado y Engrase Estación
- Talleres Ferradas, S.L.
- Talleres Fiuza Autoagro, S.L.
- Talleres Sofauto, S.L.

7.5 Outras entidades coas que o centro mantén relación

Máis aló das relacións que se indican nos apartados anteriores, o IES O Ribeiro mantén lazos coas seguintes entidades:

- *A asociación cultural e ecolóxica para a defensa e estudio dos bosques autóctonos Ridimoas.* O instituto aloxa a exposición de flora e fauna de Ribeiro que é propiedade da asociación. As reunións anuais da asemblea de socios adoita celebrarse no centro.
- *A Asociación Cultural Exaprin de Ribadavia,* de exalumnos e exprofesores do Instituto.
- A relación co Concello de Ribadavia é permanente:
 - Como é habitual, o Concello conta cun representante no Consello Escolar.
 - O pabillón de deportes ten un uso compartido entre o CPI Tomás de Lemos, o IES O Ribeiro e o Concello. As asociacións deportivas do Concello fan uso do pabillón fóra do horario escolar.
 - *A Oficina Municipal de Información Xuvenil (OMIX)* de Ribadavia facilita ao centro nativos de fala inglesa que, ocasionalmente, colaboran coas clases desta lingua estranxeira.
 - O IES colabora co Concello facilitando as instalacións para actividades como *Artificial* ou a *Festa da Istoría*.

- Con motivo do seguimento dalgúns alumnos en perigo de exclusión social, de absentismo escolar ou de abandono, o instituto mantén contacto cos servizos sociais dos concellos de procedencia do alumnado, coa *Fundación Meniños* e co Servizo de familia e menores da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.
- Coa finalidade de organizar cursos ou xornadas formativas, algunhas institucións solicitan o uso das instalacións do centro. Pódense salientar as seguintes:
 - O Servizo de Extensión Agraria da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, para a organización de cursos oficiais de aplicador de produtos fitosanitarios.
 - Agaca (Asociación Galega de cooperativismo agrario).

8. Modificacións

1. Este proxecto poderá ser modificado cando se estime necesario ou cando reciba unha proposta neste sentido por parte dos sectores afectados, e tramitada polos correspondentes órganos de representación.
2. O proxecto de reforma proporase mediante escrito razoado facendo constar a finalidade e o fundamento da reforma, así como o texto alternativo que se propón.

9. Vixencia

1. O presente proxecto educativo ten una vixencia anual. A súa prórroga considérase tácita cando non existan propostas de modificación.

ANEXOS

ANEXO 1. Oferta educativa

ANEXO 2. Modelos de programación e memoria

Modelos de programación didáctica

Modelos de Memoria do departamento

Formulario de seguimento da programación didáctica

Modelo de presentación da materia

ANEXO 3. Normas de organización e funcionamento

ANEXO 4. Plan lector. Plan de biblioteca

ANEXO 5. Proxecto lingüístico. Plan de integración lingüística

ANEXO 6. Plan de integración TIC

ANEXO 7. Plan de atención á diversidade

ANEXO 8. Plan de orientación académica e profesional

ANEXO 9. Plan de convivencia

ANEXO 10. Plan de acción tutorial